

REVOLTALLO DE TERMOS. A TECNOLOXÍA EN GALEGO

MARÍA LOUREIRO

Profesora de tecnoloxía en ESO e Bacharelato no IES Primeiro de Marzo, Baiona (Pontevedra) e autora do blogue <http://www.tecnoloxia.org>.

Resumen: Neste artigo preséntase unha descrición da actividade “Revoltallo de Termos. A tecnoloxía en galego”, iniciativa coa que se defende a idoneidade do uso da lingua galega no campo da tecnoloxía, en resposta á prohibición expresa do goberno galego de impartir a materia de Tecnoloxías de Educación Secundaria nesta lingua. Baseouse na recompilación a través de internet de vocabulario técnico en galego, e na posterior utilización do léxico recollido en diversas actividades, tanto a través da rede como nos centros de ensino.

Abstract: This article presents an overview of the activity “Revoltallo de Termos. A tecnoloxía en galego”. This initiative supports the appropriateness of using Galician in the field of technology in response to the explicit prohibition of the Galician government about teaching the subject of Technology in this language in Secondary Education. It is based on the search on the Net and the collection of Galician technical vocabulary and then using it in different activities, both through the network as in schools.

Palabras clave: tecnoloxía, galego, léxico, vocabulario.

Este ano foi aprobado polo goberno galego un decreto que prohibe a utilización da lingua galega en determinadas materias no ensino non universitario. Na Educación Secundaria Obrigatoria estas materias son Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxías, todas pertencentes ao ámbito científico-tecnolóxico.

Por mor disto, moitas foron as reaccións e iniciativas encamiñadas a defender o uso do galego no campo da ciencia e

da tecnoloxía. Entre elas está a Xornada pola Ciencia e a Tecnoloxía en Galego¹ convocada para o 4 de novembro de 2010 polas asociacións do profesorado afectado (APETEGA, ENCIGA, AGAPEMA) e a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Foi unha actividade deseñada para defender a idoneidade do uso do galego nas áreas científico-tecnolóxicas, comunicarlle á sociedade o orgullo de expresar ciencia e tecnoloxía en galego

1. <http://www.coordinadoraendl.org/cienciaengalego>

e divulgar experiencias científicas e tecnolóxicas pensadas e desenvolvidas en galego.



Desde o meu blogue² decidín participar nesta convocatoria aportando algunha actividade que se puidese realizar a través de Internet desde calquera centro de ensino. Consulteino con Román Landín, un dos coordinadores da Xornada, co que fun dándolle forma ata que se definiu a actividade Revoltallo de Termos. A Tecnoloxía en Galego.

As ideas básicas foron:

1. Dar a coñecer e difundir a través de Internet vocabulario técnico existente na nosa lingua.
2. Que calquera persoa puidese participar engadindo termos a través dun formulario web, especialmente o alumnado desde os centros de ensino, pero aberto a todo o público.

2. <http://tecnoloxia.org>

3. Idear unha serie de actividades encamiñadas a difundir o léxico recollido e investigar sobre o mesmo, tanto nos centros de ensino como a través de Internet.



O día 13 de outubro abriuse o espazo Revoltallo de Termos³, no que se puxo a disposición da comunidade educativa unha descrición da actividade, o formulario, a listaxe de termos que se ían engadindo e unha serie de propostas de actividades.

O que o alumnado fixo desde moitos institutos de Galicia foi, con axuda de Internet, buscar palabras técnicas en galego, redactar unha breve descrición, buscar unha imaxe representativa e introducir os datos no formulario.

Durante os días seguintes foron chegando o pouco a pouco termos á base de datos,

e o 4 de novembro xa tiñamos 212 termos recollidos.



No noso instituto, IES Primeiro de Marzo de Baiona, preparamos o 4 de novembro unha mostra con todos eses termos á vista de todo o mundo. En papeis e cartolinas de cores imprimimos unha chea de termos, recortamos e puxémolos polas paredes, empapelando os corredores do instituto con eles.



A tarefa máis complicada foi relacionar cada termo coa súa descrición, pero foi unha moi boa maneira de coñecer novo vocabulario tecnolóxico.

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía uniuse tamén ao revoltallo, e fixo unha

boa compilación de termos científicos para expor nas paredes e e penduradas do teito.



O resultado podédelo ver no vídeo publicado. Noutros centros de ensino fixéronse tamén mostras do glosario tecnolóxico. Estes son algúns exemplos:


1. IES Chano Piñeiro (Forcarei)
2. IES Campo de San Alberto (Noia)
3. IES Curtis

Outras actividades que se realizaron utilizando o léxico recollido no revoltallo foron participar na galipedia ou no galizionario, traballos de divulgación, carteis, banda deseñada, ... todo feito co ordenador.

O feito de ter unha contribución propia en Internet (na listaxe do revoltallo, na galipedia, etc.) resulta moi gratificante para o alumnado, que ve como o seu traballo serve á comunidade.

A idea de colocar o léxico nas paredes repercutiu moi positivamente na aprendizaxe, tanto durante o proceso como despois, pois observamos como o alumnado achegábase a ler os termos que lles chamaban a atención. Tamén o profesorado doutras materias e o persoal non docente amosaron interese e paráronse nos termos. De

feito houbo varias peticións. Por exemplo, na conserxería quixeron para a súa porta "burato negro" e o departamento de orientación quixo a palabra "resiliencia".



Desta maneira os departamentos de Tecnoloxía de varios institutos galegos contribuímos a difundir léxico tecnolóxico en galego, sumándonos ás múlti-

ples e diversas actividades deseñadas para a Xornada pola Ciencia e a Tecnoloxía en Galego, na que participaron simultaneamente un total de 128 centros de ensino de toda Galicia con actividades de diversa índole. De esta maneira los departamentos de Tecnología de varios institutos gallegos contribuímos a difundir léxico tecnolóxico en galego, sumándonos a las múltiples y diversas actividades deseñadas para la Xornada pola Ciencia e a Tecnoloxía en Galego, en la que participaron simultáneamente un total de 128 centros de enseñanza de toda Galicia con actividades de diversa índole.

1. <http://www.periodismo ciudadano.com/tag/jason-calacanis>
2. <http://www.periodismo ciudadano.com/tag/dan-gillmor>